

nº solicitude :

copias, branco: operador doante, rosa: R, amarelo: cliente

recorda adxuntar o dni do titular da liña

# solicitude de portabilidade móbil



## datos da liña (non esquezas cubrir estes datos)

nome e apelidos do titular actual da liña (\*)

(\*) recorda que deben ser os mesmos que figuran nas facturas do operador co que tes o servizo actualmente

NIF/NIE

tipo de liña

prepago

contrato/pospago

número a portar

ICC/nº SIM (só prepago \*\*)

(\*\*) recorda que o nº de ICC está grabado na túa tarxeta SIM

## operadores involucrados

operador receptor:

R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U., en diante R

operador donante (co que tes o servizo móbil actualmente):

- Telefónica Móviles España S.A.U. (Movistar)  
 Vodafone España S.A.  
 France Telecom. España S.A. (Orange / Amena)  
 Xfera Móviles S.A. (Yoigo)  
 outro: \_\_\_\_\_

## data solicitada para o cambio

só se desexa atrasar o prazo ata un máximo de 30 días:

\_\_\_ / \_\_\_ / \_\_\_\_\_

## o presente documento constitúe:

solicitude de portabilidade cos datos anteriormente indicados.

contrato de prestación de servizos entre o cliente e R, que se cede simultaneamente con todos os seus dereitos e obrigacións de forma solidaria a:

D/Dº

con NIF/NIE

## condicións específicas da solicitude de portabilidade

por medio da presente solicitude, o abaixo firmante:

i) Comunicalle ao operador identificado anteriormente como Operador Doante, a súa intención de darse de baixa no servizo que este Operador Doante lle veu prestando, así como o seu desexo de conservar a súa numeración, servindo a subscrición do presente documento como solicitude de baixa no devandito servizo.

ii) Solicítalle a R, que tramite, no seu nome, a presente solicitude de baixa no servizo que o Operador Doante lle veu prestando, así como a conservación da súa numeración, procedendo á súa remisión ao Operador Doante. Neste sentido, o solicitante acepta expresamente que os devanditos trámites serán realizados por R nos prazos, termos e condicións que resultan de aplicación ao procedemento de portabilidade de números, os cales poden condicionar a data en que estean efectivamente concluídos.

iii) Acepta expresamente que, por mor dos procedementos técnicos necesarios para a conservación do número, a prestación do servizo podería verse interrompida ou limitada sen que isto poida ser considerado unha redución da calidade do servizo, aínda que R realizará os seus maiores esforzos para que a devandita interrupción ou limitación dure o tempo mínimo indispensable, que se estima en tres horas en canto ás operacións para realizar por R e que terá lugar nalgún momento dentro do período entre as 2:00 e as 6:00 horas do día que aplique o cambio de operador.

iv) No caso de atoparse baleiro o apartado "data solicitada para o cambio" o prazo máximo para a tramitación da solicitude será dun día hábil contado a partir da entrega polo cliente da solicitude, levándose a cabo na madrugada do día seguinte.

v) Acepta, consciente da complexidade do proceso, que a data preferida para a realización do cambio podería verse modificado sen que iso dese lugar a responsabilidade algunha de R. Con todo, R realizará os seus maiores esforzos por respectar o horario preferido para a realización do cambio.

vi) Coñece que a solicitude de conservación do número podería ser denegada por causa de imposibilidade técnica ou calquera outras recoñecidas na normativa vixente.

vii) O responsable do tratamento dos datos persoais facilitados na súa solicitude de portabilidade é R quen os tratará coa finalidade de prestar os servizos solicitados sendo a base legal para este tratamento a obrigación legal establecida no artigo 21 da Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeneral de Telecomunicacións (ou normativa que o substitúa). Os datos poderán ser compartidos con Administracións, organismos públicos, o operador de orixe, e prestadores de servizos que deban ter acceso a estes datos en virtude dos servizos que prestan á Sociedade. O titular dos datos ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se prevé na información adicional sobre privacidade que figura na cláusula 16 das Condicións Xerais de Contratación.

viii) Dá o seu consentimento expreso a portar toda a numeración asociada aos números de cabeceira indicados nos campos número ou rango de números.

ix) Autoriza a R a realizar, no seu nome e representación, cantas actuacións sexan necesarias para asegurar a realización das portabilidades das súas liñas, podendo asinar, para ese efecto as actuacións necesarias para corrixir aqueles datos que sexan susceptibles de corrección ou calquera outro documento que permita finalizar a tramitación da portabilidade.

A presente solicitude adxuntarase, como parte integrante do mesmo, ao contrato de servizos suscrito con R, no que o abaixo firmante solicita a R o alta no servizo telefónico.

R advirte ao Cliente neste acto da importancia de que os datos da presente solicitude sexan cumprimentados de forma clara e inequívoca e de que o erro nos mesmos daría lugar a atrasos no proceso dos que R non sería responsable.

## condicións do contrato e cesión

Cando o solicitante de portabilidade non sexa cliente de R, a firma do presente documento constitúe o Contrato, que se rexerá polo establecido no mesmo, as condicións particulares do reverso e as condicións xerais de contratación que lle son entregadas neste momento e manifesta recibir e coñecer, de conformidade co Art. 5.1. da Lei 7 /1998, do 13 de abril de condicións xerais de contratación. Simultaneamente, o asinante acepta a cesión completa da súa/s número/s ao cesionario e de todos os servizos asociados aos mesmos.

## data e hora de firma da solicitude

data:

hora:

o titular actual da liña

por R, Alfredo Ramos  
director comercial



## EXTRACTO DAS CONDICIÓNS XERAIS DE CONTRATACIÓN

1. O presente Contrato regula a relación entre **R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.** (en diante **R**) e o Cliente para os servizos contratados. O presente extracto sintetiza as Condicións Xerais de Contratación (en diante CX) que se entregan neste acto, xunto coa promoción aplicable e tarifas que o Cliente declara coñecer e recibir. As CX, así como a promoción aplicable, están sempre dispoñibles e actualizadas en [www.mundo-R.com](http://www.mundo-R.com). Se o asinante do Contrato xa é Cliente de **R**, serán de aplicación a todos os servizos e produtos contratados co Cliente as Condicións Xerais de Contratación achegadas (e, polo tanto tamén o extracto das mesmas), que substitúen automaticamente a calquera outras condicións asinadas ou aceptadas anteriormente, salvo naqueles extremos que sexan compatibles e non contraditorios.

2. **R** e o Cliente aceptan como válidas as seguintes vías de comunicación a efectos do presente Contrato: enderezo postal; números de teléfono e dirección de correo electrónico facilitados polo Cliente, incluíndo mensaxes curtas "sms"; mensaxe escrita na factura; revista e boletíns electrónicos para clientes **R**; páxina web de **R** ([www.mundo-R.com](http://www.mundo-R.com)); mensaxes e avisos interactivos por televisión. O Cliente outorga o seu consentimento para gravar as chamadas que se realicen co Centro de Atención ao Cliente (en diante CAC) de **R**. A finalidade das gravacións é a mellora da calidade da prestación do servizo, verificar a satisfacción dos clientes e tramitar a contratación (CX 1).

O Cliente poderá contactar co Centro de Atención ao Cliente través das seguintes vías: Telefónos gratuítos: **1446** (clientes empresa), **1449** (clientes particulares); Fax: 900 82.55.82; Correo postal: Apdo. Correos 2096. 15080 A Coruña; Web de **R**: [www.mundo-R.com](http://www.mundo-R.com); Correo electrónico galego: [fala-con-R@mundo-R.net](mailto:fala-con-R@mundo-R.net); correo electrónico castelán: [R-al-habla@mundo-R.net](mailto:R-al-habla@mundo-R.net)

3. A contratación do servizo faise a título persoal. O Cliente utilizará o servizo en calidade de usuario final, para comunicacións interpersoais e exclusivamente para a fin para a que foi contratado (CX 2.2).

4. O Cliente obrígase a custodiar e utilizar adecuadamente os equipos propiedade de **R**. Os equipos entregaranse en réxime de depósito, aluguer, compra ou calquera outro título que para ese efecto pacten as partes. A falta de determinación expresa, entenderase que os equipos están en depósito. O Cliente consente a utilización por **R** dos equipos instalados para a prestación dos servizos tanto ao Cliente como a terceiros. Esta utilización non menoscabará a calidade dos servizos contratados. En caso de extravío, roubo, furto, destrución, manipulación ou deterioración, deberá informar do suceso a **R** no prazo máximo de tres (3) días naturais. **R** poderá esixir unha indemnización polos gastos de reparación dos equipos ou, en caso de substitución, pola totalidade do seu valor (CX 4.1 e 4.2).

5. O Cliente deberá devolver os equipos propiedade de **R** no momento de solicitar a baixa do servizo para o que foran utilizados. Os equipos deberán ser entregados en calquera distribuidor indicado por **R**. Será de aplicación o disposto na CX 15.4. No caso de que o Cliente non devolva os Equipos propiedade de **R** tras solicitar a baixa dos servizos, **R** estará facultada para esixirle unha penalización calculada sobre a base do valor da súa adquisición no mercado. O Cliente poderá solicitar que **R** recolla devanditos equipos, abonando a tarifa en vigor para este servizo (CX 4.3).

6. As tarifas e promocións aplicables aos servizos contratados son as comunicadas e entregadas ao Cliente no momento da contratación e atópanse sempre dispoñibles e actualizadas en [www.mundo-R.com](http://www.mundo-R.com) e no CAC. Determinadas tarifas e promocións en vigor inclúen a posibilidade de subvencionar total ou parcialmente a cota de alta, a tarifa ou os terminais e equipos entregados ao Cliente, a cambio dun período de permanencia. Se o Cliente acepta calquera desas subvencións e resolve o contrato antes de finalizar o período de permanencia establecido, deberá satisfacer, ademais das cantidades devengadas pola utilización do/os servizo/s, a parte subvencionada e non satisfeita dos mesmos ou a penalización establecida en cada caso (CX 6).

7. O Cliente poderá elixir que a factura se expida en papel ou en formato electrónico, mediante a marcación da cela habilitada ao efecto na carátula do contrato. Caso de non marcarse ningunha cela entenderase que o cliente prefere a modalidade de factura en papel (CX 7.1).

O retraso no pagamento total ou parcial polo Cliente poderá dar lugar á suspensión temporal do servizo, nos termos establecidos na Lei (CX 8).

8. O Cliente ten dereito a solicitar a **R** a desconexión dos servizos de chamadas de tarificación adicional, chamadas internacionais e chamadas a móbiles (CX 13.3).

9. O Cliente poderá formular reclamacións relativas ao servizo ante **R**. Se o Cliente non recibe resposta satisfactoria no prazo dun mes, poderá acudir ás Xuntas Arbitrais de Consumo (en caso de particulares e servizos non excluídos) ou á Oficina de Atención ao Usuario de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (nos supostos previstos na Lei) (CX 9).

10. Se a contratación se realizou a distancia (vía telefónica ou vía web) o Cliente ten dereito a desistir do contrato nun prazo de catorce (14) días naturais, sen necesidade de xustificación algunha. O Cliente poderá exercer este dereito utilizando o formulario dispoñible para o efecto en [www.mundo-R.com](http://www.mundo-R.com) e remitilo a **R** por calquera das formas sinaladas na CX 1.4. Se comezou a prestación do servizo, o Cliente deberá abonar a **R** os servizos desfrutados. Así mesmo, se lle foron entregados equipos de telecomunicacións, deberá devolvelos no prazo de dez (10) días naturais dende a comunicación a **R** do seu desexo de desistir do contrato. (CX 13.9).

11. Protección de Datos (resumo da CX 16)

Responsable	<b>R</b> , con CIF A15474281
Finalidade	Clientes: prestación dos servizos solicitados e envío de comunicacións comerciais. Representantes de clientes: manter o contacto coa mercantil que representas e enviarche comunicacións comerciais.
Lexitimación	Clientes: relación contractual para a prestación de servizos e interese lexítimo para o envío de comunicacións comerciais. Representantes de clientes: interese lexítimo.
Destinatarios	Administracións e organismos públicos, e prestadores de servizos que deban ter acceso a estes datos en virtude dos servizos que prestan a <b>R</b>
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na cláusula 16.
Información adicional	Poden consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na cláusula 16 das CX.

12. Calquera modificación do Contrato deberá ser comunicada por **R** ao Cliente. Se o Cliente non estivera conforme coa modificación proposta, poderá comunicar a **R** a súa vontade de resolver o contrato no prazo dun mes dende a recepción da notificación (CX 19).

13. O presente contrato rexerese pola lexislación española: Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións R.D. 889/2009 de 22 de maio; Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias; calquera outra que resulte de aplicación (CX 20).